

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5.^a, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 08.06.2017 Hora: 16:00

A Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 8 de xuño de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei en Comisión

- 1 619 (10/PNC-000035)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da ratificación da Carta social europea revisada en 1996, así como o Protocolo de reclamacións colectivas de 1995
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 10, do 09.11.2016

- 2 2181 (10/PNC-000228)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para a elaboración do proxecto, a construción e a asunción da xestión pública dun centro de día para persoas maiores en Rianxo no ano 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 32, do 21.12.2016

- 3 3279 (10/PNC-000325)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de persoal e réxime horario do centro de saúde do barrio Novo Mesoiro, da Coruña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017

- 4 7207 (10/PNC-000745)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de detección e tratamento da desnutrición relacionada coa enfermidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 96, do 05.04.2017

- 5 8162 (10/PNC-000857)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre o incremento por parte do Goberno galego do número de postos de traballo

dos equipos de valoración da discapacidade en Galicia co fin de eliminar as listas de espera

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017

- 6 8478 (10/PNC-000893)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
García Míguez, María Ángeles e 7 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da solución das demoras que se están a producir na tramitación dos recursos de servizos sociais municipais
Publicación do acordo, BOPG n.º 112, do 10.05.2017
- 7 9106 (10/PNC-000952)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre a axilización polo Goberno galego dos trámites necesarios para a posta en funcionamento do Centro de Día de Cambados no ano 2017
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 117, do 24.05.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 31 de maio de 2017

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5.^a, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.1 619(10/PNC-000035)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da ratificación da Carta social europea revisada en 1996, así como o Protocolo de reclamacións colectivas de 1995

Publicación da iniciativa, 10, 09.11.2016



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 619
Data envío: 02/11/2016 18:30:25.216

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e dos deputados **Olalla Rodil Fernández, Xosé Luís Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Xosé Luís Bará Torres e Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á petición ao Estado español para que ratifique a Carta Social Europea e o Protocolo de Reclamacións Colectivas de 1995.

En 1961 o Consello de Europa adoptou a Carta Social Europea, esta é un “Pacto europeo de Democracia Social” e podería dicirse que un complemento do Convenio Europeo de Dereitos Humanos de 1950. A garantía desta carta corre a cargo do Comité Europeo de Dereitos Sociais, composto por quince expert@s independentes, que ten a súa sede en Estrasburgo. Este Comité ten capacidade para fiscalizar as decisións dos estados asinantes en materia de dereitos sociais.

A carta é un tratado internacional que ten un catálogo amplo de dereitos, tanto laborais, como relativos á igualdade de oportunidades, á saúde, á protección social e á seguridade social, ou á protección de persoas vulnerábeis. Garante os dereitos sociais e económicos ao traballo, á vivenda, á saúde ou á educación. As súas resolucións dítanse baixo a forma de conclusións, ou de decisións con forma de sentenza no procedemento de reclamacións colectivas, que son vinculantes para os estados asinantes da mesma. En 1995 foi complementada cun protocolo de reclamacións colectivas que permite aos sindicatos e outras organizacións recorrer as disposicións estatais en instancias internacionais.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 619
Data envío: 02/11/2016 18:30:25.216

Trátase dunha norma de grande importancia para a defensa dos dereitos d@s traballadores/as, e un instrumento importante para combater as ofensivas contra os dereitos laborais e a protección social.

O Estado español ratificou a Carta Social en 1980, mais sigue sin aceptar, nin asinar o Protocolo de Reclamacións Colectivas de 1995. Ademais, a versión da Carta revisada de 1996 que foi asinada no ano 2000, non foi ratificada.

A asunción de obrigas internacionais, mediante a ratificación dos tratados máis avanzados, é un bo indicador do compromiso dos gobernos cos dereitos humanos e as garantías democráticas. De corenta e tres estados, só nove non ratificaron nin a Carta Social Europea, nin o Protocolo de Reclamacións Colectivas, e dentro deses nove está o Estado español.

Esta situación supón un agravio comparativo, e deixa á clase traballadora galega, e á do resto dos pobos do Estado, nunha posición de desvantaxe para a protección e defensa dos seus dereitos, en relación cos doutros países veciños (Francia, Italia, Portugal) que si teñen asumido estes compromisos internacionais.

A ratificación da versión revisada da Carta, suporía máis garantías no ámbito xurídico do Estado español, xa que a maioría dos dereitos sociais están excluídos do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.

Por todas as razóns expostas o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a dirixirse ao Goberno español, en demanda de que proceda a ratificar A Carta Social Europea revisada en 1996, e á asinar e ratificar o Protocolo de Reclamacións Colectivas de 1995.”



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 619
Data envío: 02/11/2016 18:30:25.216



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Xosé Luís Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luís Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 02/11/2016 18:29:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 02/11/2016 18:29:46

María Montserrat Prado Cores na data 02/11/2016 18:29:51

Noa Presas Bergantiños na data 02/11/2016 18:29:53

Xosé Luis Bará Torres na data 02/11/2016 18:29:59



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/11/2016 09:30
Nº Rexistro: 619

Data envío: 02/11/2016 18:30:25.216

Ana Pontón Mondelo na data 02/11/2016 18:30:04

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.2 2181(10/PNC-000228)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a realización polo Goberno galego das actuacións necesarias para a elaboración do proxecto, a construción e a asunción da xestión pública dun centro de día para persoas maiores en Rianxo no ano 2017

Publicación da iniciativa, 32, 21.12.2016



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate na Comisión 5.^a**, en relación a un centro de día en Rianxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O investimento en servizos públicos que axuden a cubrir as carencias de colectivos sociais desfavorecidos ou mais vulnerables, deben ser un destino prioritario nunha actuación política responsable.

A atención as persoas maiores e especialmente a aquelas que teñen maiores necesidades e menores recursos ou que necesitan dunha atención especializada, precisan da acción de investimento público para promover un avellentamento activo así como unha prevención da dependencia.

Neste contexto, os centros de día, configúranse como unha necesidade fundamental para a atención sociosanitaria das persoas maiores de 60 anos que así o precisen, na maioría dos casos por verse afectadas por un problema de deterioro físico ou cognitivo que diminúe a súa capacidade de autonomía para as actividades cotiás, precisando de axuda especializada.

A petición de construción do Centro de Día en Rianxo, xa ven de lonxe, pois moitas foron as ocasións nas se ten reclamado dende o municipio a creación do centro. A dotación dun Centro de Día, é unha demanda da que dispoñen xa moitos concellos de igual ou menor dimensión, existindo concellos veciños que



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/12/2016 16:30
Nº Rexistro: 2181
Data envío: 09/12/2016 14:57:44.725



pese a ter unha cuarta parte da cifra de poboación respecto a Rianxo, xa hai anos que contan cun Centro de Día de titularidade pública.

Por todo o anterior, o grupo de **En Marea** fai a seguinte **Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión:**

- **Instar á Xunta de Galicia a que cometa as actuacións necesarias para a elaboración dun proxecto, construción e xestión pública do Centro de Día para Persoas Maiores en Rianxo no vindeiro ano.**

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2016.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.

Luís Villares Naveira

Voceiro do GP de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 09/12/2016 14:56:24

Luis Villares Naveira na data 09/12/2016 14:56:31

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.3 3279(10/PNC-000325)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de persoal e réxime horario do centro de saúde do barrio Novo Mesoiro, da Coruña

Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á dotación de persoal ao centro de saúde de Novo Mesoiro, na Coruña

O Centro de saúde de Novo Mesoiro na Coruña, atende a unha poboación aproximada de 12.000 persoas, das que máis de 1800 son nen@s. A zona de influencia deste centro son os barrios de Novo Mesoiro, Feáns, Mesoiro e a Urbanización de Breogán.

A atención é só en horario de mañá, e a dotación de profesionais sanitarios é tan só de dúas prazas de médico de familia e tres de enfermería.

@s veciñ@s levan anos demandando que se aumenten os servizos do Centro de Saúde, xa que o mesmo non é suficiente para a demanda existente. Os escasos recursos para unha poboación tan elevada ten como consecuencia que moitas das persoas da área de influencia do centro teñan que solicitar atención noutros centros de saúde da cidade. Denuncian que a pesares de ser un barrio que aumenta en poboación, que ten un dos maiores índices de nacementos de toda Galiza, con máis nen@s en idade escolar da Coruña, teñen unha carencia importante de servizos públicos, sen servizo de transporte directo ao CHUAC, aos centros de especialidades médicas ou a outros centros de saúde.

Toda esta situación veuse agravada desde o pasado mes de decembro de 2015, data na que se pechou o cupo de pediatría. Non se aceptan máis altas novas, tod@s @s



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 12:43
Nº Rexistro: 3279
Data envío: 13/01/2017 12:43:52.628

nen@s que nazan teñen que solicitar pediatra noutro centro de saúde, salvo que teñan un/unha irmán/irmá xa dados de alta.

É preciso dotar a este barrio dunha cobertura sanitaria acorde ás súas necesidades, e dado que as instalacións do centro de saúde son novas e conta con toda unha planta baleira e polo que o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu tratamento en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a dotar ao centro de saúde de Novo Mesoiro co cadro de persoal preciso para dar cobertura sanitaria a todas as persoas da súa área de influencia e de xeito inmediato a creación dunha nova praza de pediatría e unha matrona, a sí como a apertura do mesmo polas tardes.”

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 12:43
Nº Rexistro: 3279

Data envío: 13/01/2017 12:43:52.628

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/01/2017 12:39:34

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2017 12:39:40

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2017 12:39:41

Noa Presas Bergantiños na data 13/01/2017 12:39:46

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2017 12:39:53

Ana Pontón Mondelo na data 13/01/2017 12:40:03

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.4 7207(10/PNC-000745)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de detección e tratamento da desnutrición relacionada coa enfermidade

Publicación da iniciativa, 96, 05.04.2017



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Exposición de motivos

A Desnutrición Relacionada coa Enfermidade (DRE) constitúe un problema sanitario de elevada prevalencia e altos custos. Algúns estudos apuntan que afecta a uns 30 millóns de persoas en Europa e conleva un elevado custo asociado.

A DRE relaciónase con aumento de morbilidade (infeccións, retraso nas curas, demora na consolidación de fracturas ...), prolonga a estancia hospitalaria e aumenta a taxa de reingresos, entre outras cuestións. A súa detección precoz e a súa prevención parecen esenciais no prognóstico do ou da paciente e no adecuado consumo de recursos que se traduce nun aforro de custos socio - sanitarios. Recentes estudos no contexto hospitalario español apuntan a diferenzas significativas entre pacientes con nutrición correcta e desnutrición no relacionado coa duración das súas estancias hospitalarias, así como a prevalencia de maneira sinalada nalgúns grupos de idade (persoas de avanzada idade) e nalgúns tipos de enfermidade.

O Consello de Ministros da UE na Resolución sobre Alimentación e Coidado Nutricional nos hospitais, publicada en 2003, púxose de manifesto a importancia da desnutrición nos centros hospitalarios así como medidas encamiñadas á súa prevención e tratamento. Os e as representantes dos ministerios de saúde dos países da Unión Europea sinalaron expresamente, na Declaración de Praga de 2009, a necesidade de sistematizar o cribado nutricional obrigatorio como un paso esencial para combater a desnutrición en todos os niveis asistenciais. En 2011 presentouse no Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade un acordo (Consenso sobre a Abordaxe Multidisciplinar da Desnutrición en España) subscrito polos representantes dun amplo número de profesionais, colectivos, asociacións e



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

sociedades científicas, que definía o relativo ás accións a desenvolver na prevención e tratamento do problema.

A pesar de todo elo, existen deficiencias na detección e tratamento da desnutrición, existindo posibilidades para mellorar o relativo a esta cuestión que supoñen custo moi limitado e que poden contribuír a aumentar a calidade asistencial, o resultado dos tratamentos, a súa duración e cuestións como a prevención de posibles recaídas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer un protocolo de cribado nutricional que sistematice os procesos de obtención de información, baseado nas seguintes cuestións:
 - a) Os elementos básicos a coñecer serán: índice de masa corporal actual; perda de peso recente non voluntaria; coñecemento da inxesta alimentaria recente.
 - b) A utilización deste protocolo estará incluído nos obxectivos de calidade de cada centro sanitario.
 - c) O resultado do cribado deberá ser rexistrado na historia clínica do e da paciente, co fin de ter información continuada.

Este protocolo será de aplicación especial no caso do seguimento de pacientes pediátricos.

2. Establecer un plan de coidados individualizados nos e nas pacientes diagnosticados en risco nutricional.
3. Desenvolver un programa de formación para profesionais sanitarios sobre os diferentes métodos de avaliación de estado nutricional, e a repercusión sobre o estado do e da paciente en termos de recuperación e non recaída.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 16:50
Nº Rexistro: 7207
Data envío: 29/03/2017 16:50:06.950



 Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

4. Someter a control específico de cada centro hospitalario a calidade da alimentación recibida polos e polas pacientes a través do servizo de cociña.
5. Implantar un protocolo de avaliación da inxesta de alimentos por parte dos e das pacientes ingresadas, para coñecer a súa evolución nutricional durante a súa estancia nos centros sanitarios.

Pazo do Parlamento, 29 de marzo de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 29/03/2017 16:36:06

Noela Blanco Rodríguez na data 29/03/2017 16:36:11

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/03/2017 16:36:16

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.5 8162(10/PNC-000857)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre o incremento por parte do Goberno galego do número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade en Galicia co fin de eliminar as listas de espera

Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela e Juan Manuel Díaz Villoslada**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A Xunta de Galicia vén desatendendo dende hai anos os equipos de valoración da discapacidade (EVO), que son os que determinan o grao de discapacidade das persoas que así o solicitan, o que ocasiona retrasos nas tramitacións das valoracións, tanto nas solicitudes como nas revisións. En moitos casos, a falla de persoal fai que o tempo de espera media das persoas usuarias sexa de ano e medio ou dous anos, ocasionando ás persoas solicitantes moitos prexuízos no seu día a día: por exemplo para solicitudes a respecto de transportes colectivos e prazas de aparcadoiro, nas prestacións económicas de persoas maiores e no recoñecemento de dereitos en mutualidades.

Ante esta situación os e as socialistas vimos reclamando á Administración incrementar os equipos multidisciplinares dos EVO, xa que esta tardanza non vén derivada dun pico de traballo senón que é estrutural, o que implica que se debería incrementar o número de equipos e crear postos para axilizar a xestión dos expedientes de incapacidade.

Recentemente coñecíamos que a Dirección de Recursos Humanos do Sergas enviou unha comunicación aos seus e as súas profesionais ofrecendo a posibilidade de "participar de forma voluntaria e remunerada, fóra da súa xornada laboral, nos recoñecementos do grao de discapacidade". O Goberno galego reacciona pois ás reiteradas queixas por un problema estrutural nos equipos de valoración de discapacidade, ofrecendo un parche a través dun convenio de colaboración Sergas-Consellería de Política Social, para que o persoal médico do Sergas, mediante horas extras, faga a tarefa que lle corresponde a estes equipos.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/04/2017 16:30
Nº Rexistro: 8162
Data envío: 21/04/2017 14:06:37.564



 Grupo Parlamentario

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar o número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade da nosa Comunidade Autónoma, co obxectivo de eliminar no prazo máximo de seis meses a lista de espera, tanto nas solicitudes como nas revisións das valoracións de discapacidade.

Pazo do Parlamento, 20 de abril de 2017

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Juan Manuel Díaz Villoslada
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 21/04/2017 13:58:20

Julio Torrado Quintela na data 21/04/2017 13:58:27

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 21/04/2017 13:58:31

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 21/04/2017 13:58:44

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.6 8478(10/PNC-000893)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

García Míguez, María Ángeles e 7 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Concello de Vigo da solución das demoras que se están a producir na tramitación dos recursos de servizos sociais municipais

Publicación do acordo, 112, 10.05.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 17:45
Nº Rexistro: 8478
Data envío: 28/04/2017 17:45:19.595

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados, Marián García Miguez, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Gonzalo Trénor López, Antonio Mouriño Villar, Marta Nóvoa Iglesias, Teresa Egerique Mosquera e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

No Informe do ano 2016 da Valedora do Pobo, destaca que as queixas por RISGAS e as solicitudes doutras axudas xa non se refiren ás demoras, senón a aspectos engadidos ao recoñecemento da renda, sobre todo á súa retirada ou suspensión, a atrasos nos recursos administrativos, á cuantificación e pago dos atrasos, á falta de recoñecemento dos novos tramos ou complementos, ou ao seu recoñecemento limitado. A pesares desta nova indícase no mesmo informe que nalgúns concellos non se envía a documentación no prazo previsto, sendo o municipio de Vigo o que ten o peor dato.

Se plantexan numerosos atrasos nas axudas do Concello de Vigo, ben pola falta de persoas nos seus servizos sociais cos correspondentes atrasos que iso xera. A resposta desta cidade foi clara dando conta de melloras no persoal e de iniciativas futuras para seguir mellorando e reducindo os tempos de espera. Pero a realidade é ben distinta, as constantes denuncias de ONGs, da Federación de Veciños de Vigo, persoas anónimas e mesmo as/os traballadoras/es destes recursos fan que salten tódalas alarmas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2017 17:45
Nº Rexistro: 8478
Data envío: 28/04/2017 17:45:19.595

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Concello de Vigo a solución de xeito inmediato nos retrasos na tramitación dos recursos de servizos sociais municipais”.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 28/04/2017 17:42:51

María Ángeles García Míguez na data 28/04/2017 17:43:01

Martín Fernández Prado na data 28/04/2017 17:43:08

Jaime Castiñeira Broz na data 28/04/2017 17:43:30

Gonzalo Trenor López na data 28/04/2017 17:43:37

Antonio Mouriño Villar na data 28/04/2017 17:43:45

Marta Novoa Iglesias na data 28/04/2017 17:43:52

Teresa Egerique Mosquera na data 28/04/2017 17:43:59

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 28/04/2017 17:44:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 08.06.2017

Hora: 16:00

Orde do día

1.7 9106(10/PNC-000952)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a axilización polo Goberno galego dos trámites necesarios para a posta en funcionamento do Centro de Día de Cambados no ano 2017

Publicación da iniciativa, 117, 24.05.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa da deputada **Paula Vázquez Verao** e do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 5.^a**, sobre o Centro de Día de Cambados.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 29 de xullo de 2010 a Conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, anuncia a construción dun Centro de Día para persoas maiores en Cambados, cunhas corenta prazas, en terreos municipais.

As obras, nas que se gastaron uns 800.000 € de fondos autonómicos, non se iniciaron ata 2014, sendo o 9 de novembro de 2015 cando representantes da Xunta acoden a Cambados para certificar a realización do edificio, sen ter avisado ao Concello de Cambados.

Tras infrutuosas preguntas por parte da Concellaría de Servizos Sociais, Sanidade e Terceira Idade do Concello de Cambados á Xunta, o 7 de decembro de 2015, a Xunta recomenda ao Concello de Cambados que se incorpore ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, o que o Concello acepta.

Nos Orzamentos da Xunta para 2016, na partida para Cambados relativa ás persoas maiores e dependentes, a Xunta só consignou 12,99 €.



En novembro de 2016, a Xunta comprométese a abrir o centro “o antes posible”, sinalando a data de marzo de 2017.

En marzo de 2017, Xunta e Concello asinan un convenio para sacar a concurso a compra de material para o centro, achegando o Concello 20.000 €, para o cal a administración local dispón unha partida orzamentaria.

Nos Orzamentos da Xunta de 2017 si está incluída as partidas para a xestión e equipamento e amoblado do Centro de Día de Cambados, pero, a inicios de maio de 2017 aínda non se produciu a licitación pública para ambos concursos.

Ademais, a Xunta non concreta ao Concello de Cambados un prazo para a apertura do Centro de Día, pese aos continuos requirimentos por parte desta administración local.

A non apertura do centro provocou xa certo deterioro das instalacións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5.ª:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a axilizar os trámites para poñer en funcionamento o Centro de Día de Cambados neste ano 2017.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2017 10:38
Nº Rexistro: 9106
Data envío: 15/05/2017 10:38:06.481



Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 15/05/2017 10:31:35

Luis Villares Naveira na data 15/05/2017 10:31:40